

COMISIÓN DE GARANTÍA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE MARZO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar as actas da reunión ordinaria do día 7 de novembro de 2014 e da reunión extraordinaria do día 27 de novembro de 2014, enviadas a todos os membros da Comisión, coas modificacións propostas pola Sr^a. Vicedecana de Planificación e Calidade¹
2. Validar os obxectivos do Grao en Dereito e os obxectivos do Máster universitario en Avogacía².
3. Validar o Informe de seguimento dos obxectivos de calidade do Centro no curso 2013-2014³.
4. Validar o Manual de Calidade da Facultade de Dereito e dos anexos 1, 2, 3 e 5⁴:
 - Anexo 1: Lista de procedementos en vigor.
 - Anexo 2: Lista de distribución de calidade.
 - Anexo 3: Glosario.
 - Anexo 5: Lista de titulacións oficiais do centro.
5. Validar a Política e obxectivos de calidade da Facultade de Dereito -Anexo 4 do Manual de Calidade da Facultade de Dereito-⁵.
6. Validar os novos Procedementos de calidade de Dirección Estratéxica DE:
 - Procedemento de Planificación e desenvolvemento estratéxico DE-01 P1 índice 04.
 - Procedemento de Seguimento e medición DE-02 P1 índice 04 e anexos 1 (Ficha de indicador) e 2 (Petición de indicador).
 - Procedemento de Revisión do sistema pola Dirección DE-03 P1 índice 04 e anexo 1 (Informe de revisión do sistema pola Dirección-informe de resultados anual do centro- protocolo para a súa elaboración).
7. Validar o Plan estratéxico da Facultade de Dereito 2015-2018 –registro R01-DE01 P1 do Procedemento de Planificación e desenvolvemento estratéxico DE-01 P1 índice 04-⁶.

¹ A acta coas correspondentes modificacións pode consultarse na Secretaría do Decanato.

² Os obxectivos do Grao en Dereito e do Máster universitario en Avogacía poden consultarse na Secretaría do Decanato.

³ O Informe de seguimento pode consultarse na Secretaría do Decanato.

⁴ O Manual de Calidade pode consultarse na Secretaría do Decanato.

⁵ A documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

⁶ O Plan estratéxico pode consultarse na Secretaría do Decanato.

8. Validar os novos Procedementos de calidade de Xestión da Calidade e Mellora Continua MC⁷:
 - Procedemento de Xestión de queixas, suxestións e felicitacións MC-02 PI índice 04 e anexos I (Formulario electrónico de QSF) e 2 (Formato de respostas ás QSF).
 - Procedemento de Satisfacción das usuarias e usuarios MC-05 PI índice 04 e anexos I (Plan Anual de Avaliación da satisfacción dos usuarios e usuarias) e 2 (Ficha Técnica do deseño da actividade de avaliación).
9. Validar as propostas de reforma do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Dereito.
10. Validar a extinción do Máster universitario en Información Técnica do Medicamento como consecuencia da desasrición do título da Facultade de Dereito e da ausencia de Facultade/Escola da Universidade de Vigo con vontade de adscribir o título ao seu centro.
11. Informar sobre a conveniencia de que a Comisión Académica do Máster aprobe un procedemento de selección do profesorado externo do máster e valore a oportunidade de incorporar un 10% de xuíces e fiscais como docentes do máster.
12. Presentar un escrito dirixido ao Sr. Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (Presidente do Consello de Goberno) e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, solicitando que se dea traslado aos órganos competentes das seguintes suxestións realizadas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito:
 - a. Que se inclúan as tres propostas presentadas no Programa de Formación Permanente do Profesorado para o ano 2015 (curso de formación sobre o labor do profesorado na titorización do Traballo de Fin de Grao, curso de inglés para a docencia e investigación e curso de transferencia de resultados da docencia).
 - b. Que as horas adicadas á formación, que redundarán nunha docencia que garanta uns estándares de calidade, se computen na Normativa de adicación do profesorado e de recoñecemento no POD de actividades do PDI para o curso 2016/17, entre os recoñecementos de actividades do PDI.
13. Presentar un escrito dirixido ao Sr. Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (Presidente da Mesa de Negociación do Persoal Docente e Investigador e do Consello de Goberno) e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado solicitando que se dea traslado das suxestións realizadas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito ao procedemento para a selección das áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario para o ano 2014 aos órganos competentes para a elaboración do procedemento para o ano 2015, a fin de introducir no mesmo as melloras

⁷ A documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

formuladas para temperar os criterios de selección das áreas e ter en conta, xunto co criterio de déficits de persoal funcionario, a antigüidade na condición de acreditado.

14. Validar o informe de proposta de melloras para a elaboración da PDA e presentar un escrito dirixido ao Sr. Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (Presidente do Consello de Goberno) e a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado solicitando que se dea traslado das suxestións e propostas de mellora realizadas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito aos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2015/16 aos órganos competentes para a elaboración dos mesmos para o curso 2016/17, a fin de introducir as medidas correctoras ou de mellora formuladas co obxectivo de que a docencia se imparta seguindo os estándares de calidade⁸.

Ourense, 3 de marzo de 2015



A secretaria

M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 2 de marzo de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 4 de marzo de 2015.

A SECRETARIA

M^a Dolores Fernández Fustes

⁸ O informe pode consultarse na Secretaría do Decanato.